

Texto de presentación aos medios da campaña **En galego tamén se fai ciencia**

Bo día a todas e a todos, grazas por acudirdes á convocatoria. A verdade é que logo de vermos o vídeo e escoitarmos as persoas que nel participan pouco máis habería que engadir. Coido que, permítaseme dicir, é o suficientemente explícito das intencións, da finalidade da campaña e da mensaxe que se pretende transmitir. Malia isto achegarei unha serie de apuntamentos que nos sitúen mellor no que é a campaña, ao tempo que imos vendo a páxina web.

Gustaríame comezar, na mesma liña que xa indicou o señor reitor, pondo en valor que esta é a primeira campaña que a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística bota a andar e presenta en sociedade e a que oxalá, agardemos, han seguir outras máis. Primeiramente porque a situación e o campo de traballo, alén das diferenzas que puiden haber entre unha e outra universidade, así o requiren, e, en segundo lugar, porque esta campaña non é máis que o resultado lóxico dunha desexable liña de traballo conxunta entre as tres universidades en materia de normalización lingüística que ao longo dos últimos anos se vén mantendo e consolidando, aínda que quizais ás veces non o suficientemente coñecida ou visible. Estou a falar do intercambio de experiencias, de formación, de información, da colaboración na organización de cursos, da convocatoria mancomunada de premios (caso do “Luísa Villalta”), da colección Libro Universitario Galego ou mesmo, se se me permite, de historias laborais individuais a cabalo entre unha e outra universidade.

Estando como estamos nuns tempos en que tanto se fala de cooperación, de apostas estratéxicas, de colaboración, de posta en común de recursos ou mesmo de lealdade institucional dentro do sistema universitario galego, pois coido que o que hoxe presentamos é unha pequena mostra de todo isto: houbo unha idea, compartíuse, traballouse nela e, finalmente, tal e como podemos ver na sección de “Créditos”, persoal das tres universidades —en especial dos servizos de normalización lingüística e das unidades de audiovisuais, xunto co bo facer de dúas profesionais do deseño e da informática— déronlle forma ao que hoxe aquí presentamos. Ao que hai que engadir, claro está, a diferente procedencia das persoas entrevistadas sobre a que volverei máis adiante.

Dito isto, a miña intervención vai tentar dar resposta a dúas preguntas moi simples:

Que é o que hoxe presentamos? Que é **En galego tamén se fai ciencia**? e Por que o presentamos? Por que **En galego tamén se fai ciencia**?

Respecto á primeira, para lle dar resposta volverei sobre unhas palabras que hai meses, cando se presentou o proxecto Eufalo.tv na cidade de Vigo, unha das súas promotoras, a xornalista María Yáñez apuntaba: Todos e todas temos unha relación coa(s) lingua(s); todos e todas se nos preguntasen, con cámara ou sen ela, por esa relación teríamos algo que contar. Pois ben, algo disto hai nesta campaña: petouse na porta de persoas cunha ampla e recoñecida traxectoria docente, investigadora e de xestión universitaria para lles preguntar precisamente pola súa relación coa lingua galega. É certo quizais que se fixo non tanto desde un punto de vista persoal (que tamén, véxanse as preguntas con que se inician e pechan cada unha das entrevistas individuais) como laboral ou profesional: eles/elas, a lingua galega e o seu traballo e traxectoria.

Elas e eles son: Xavier Alcalá, Beatriz de Carlos, Ángel Carracedo, Domingo Docampo, Edita de Lorenzo, Marcos Mariño, Jorge Mira e Elena Vázquez-Cendón.

Non é unha listaxe pechada, senón que somos conscientes de que é ampliable, de que, afortunadamente, non están todas as persoas que son e, de feito, algúns nomes que se pensaron e estaban dispostos a colaborar finalmente non o fixeron por cuestións de axenda.

Sexa como for, as liñas temáticas, os puntos de encontro en que conflúen as persoas participantes son varios e deles é boa mostra o vídeo proxectado. Gustaríame pór o acento sobre catro deles:

- a importancia e a utilidade, como non podía ser doutro xeito, do vencello e da proximidade co portugués, aínda que iso supoña caermos na tentación tan habitual ultimamente de reducir a cuestión lingüística e a súa diversidade a unha simple cuestión demolingüística en que as linguas semellan cotizar á alza ou á baixa só e exclusivamente en función do seu peso poboacional. En todo caso, vir a dicir que o galego é unha ponte cara ao portugués e á súa importante comunidade de falantes, non é dicir nada novo a estas alturas, mais en tempos como os que vivimos para a lingua nin está de máis lembralo, nin está de máis que o fagan persoas que así o experimentaron e así nolo transmiten.
- a recuperación e a posta en valor do feito de sermos elos dunha mesma cadea lingüística chamada Romanía, en tempos en que a anglofilia se estende e acepta dun xeito acrítico, como se o inglés fose imprescindible para todo momento, todo lugar e sen alternativa posible a nada que coinciden dúas ou tres persoas con linguas propias diferentes; e como se o feito de adquirir competencias en lingua inglesa xa *per se* trouxese incorporado adicionalmente os coñecementos en disciplinas como a física cuántica, a álgebra matricial ou a biomedicina. Quen escoite as entrevistas íntegras poderá comprobar como o emprego do inglés aparece ligado sempre á comunicación especializada, á transferencia de coñecemento e á investigación feita ao máis alto nivel internacional, mais non así no que respecta á divulgación, nin á instrución nunha materia dada nin tan sequera mesmo no ámbito universitario.

A este respecto, "O que importa no mundo en que vivimos non é saber dicir moitas cousas en inglés, senón resolver ecuacións diferenciais en esloveno" deixou apuntado Xavier Alcalá.

- a recuperación da vixencia do termo "normalización lingüística" en tempos en que non só se contribuíu á súa perversión e terxiversación desde certos ámbitos, senón que mesmo agora semella que asistimos a un plan premeditado de procurar directamente a súa desaparición.
- a importancia de aprender cantas máis linguas mellor, tanto dun xeito natural como a través do sistema educativo. Está presente en todas as entrevistas unha idea dun plurilingüismo integrador, aglutinante, que suma, mais nunca resta nin exclúe. Lembremos, neste sentido, a campaña "As linguas suman" xurdida dos centros de ensino e apoiada polas tres universidades galegas ou, por exemplo, o que a propia de Beatriz de Carlos deixou apuntado "Eu fun parte da primeira promoción que fixo galego no instituto".

Sérveme esta cita para entrar a dar resposta á segunda cuestión antes formulada: Por que en maio de 2010 as universidades galegas deciden pór en marcha unha campaña destas características? Por todos é sabido o debate e a lea en que a presenza da lingua galega no sistema educativo se ve inmersa, grosso modo, no último ano e medio. Sen entrarmos na análise técnica, xurídica, ética da cuestión nin dos documentos que a sustentan (para o cal remito ás numerosas obras e textos que está a dar lugar, algún e algunha de cuxos autores está nesta sala), nin tampouco na discusión de se unha hora máis unha hora menos, esta ou outra porcentaxe de uso, o que si está claro é que neste tempo o que se puxo en cuestión, como nunca antes se fixera na época contemporánea e insolitamente auspiciado polos poderes

públicos, foi a validez e a pertinencia da lingua galega para vehicular coñecemento especializado.

Neste sentido **En galego tamén se fai ciencia** non é só unha campaña de “autoconsumo”, cinguida exclusivamente ao ámbito universitario, senón que tamén está pensada para alén dos campus, caso da comunidade educativa dos centros de ensino secundario e de formación profesional, incluído tamén o propio colectivo de nais e pais. Velaquí teñen o testemuño de persoas que imparten docencia universitaria, que dirixen grupos de investigación, que chegaron a ter importantes responsabilidades de xestión, que participan en congresos e proxectos internacionais, que conseguiron o recoñecemento alén das nosas fronteiras e para as cales o galego lonxe está de ser un impedimento, un estorbo, unha pexa ou unha rémora, senón que foi un plus, unha ferramenta máis de que se valeron e valen no desenvolvemento das súas traxectorias.

Diría, para rematar, que cos testemuños que recolle esta é unha campaña que lexítima e se lexítima nunha serie de feitos e datos:

- lexítima e lexítimase no labor, que xa se conta por décadas, feito por docentes, por movementos de renovación pedagóxica e de base, por colectivos de ensinantes (caso de Enciga), polo sector editorial por traballaren en lingua galega, por transmitiren coñecementos en lingua galega, por educaren en lingua galega e por trataren, en definitiva, a lingua galega como unha lingua máis independentemente de cal for a materia que se tratar (como apunta Manuel Bragado os primeiros libros de texto de matemáticas para 1.º BUP datan de 1979).
- lexítima e lexítimase en datos concretos e incuestionables que calquera pode atopar nas hemerotecas: o informe PISA de hai só tres anos indicaba que o alumnado galego tiña bo nivel de ciencias, ao mesmo nivel que países como Bélxica, Suecia, Dinamarca ou Francia (curiosamente sinalaba carencias en comprensión lectora); en todas as convocatorias dos premios estatais de bacharelato e de formación profesional hai unha importante representación de alumnado galego. Na edición do 2009 6 e na de 2010 4 dos 41 galardoados eran galegos (en ciclos formativos, por certo, como Química Ambiental ou Producción Acuícola). Insisto: alumnado galego que recibiu materias en lingua galega e que competiu, e mesmo triunfou, en pé de igualdade con alumando doutras partes do Estado.
- lexítima e lexítimase nas dúcias de traballos de investigación que todos os anos desde xa hai tempo se presentan e defenden en lingua galega nas tres universidades galegas. Nestes momentos pode haber un alumno de Deseño Industrial en Ferrol que estea a redactar o seu proxecto de fin de carreira en lingua galega, ou de Ciencias de Deporte na Coruña o seu traballo de fin de grao agora que xa comeza a habelos; ou unha alumna en Lugo ou en Vigo poden estar a redactar o seu traballo de fin de mestrado en lingua galega de Veterinaria ou Telecomunicacións respectivamente.

Por todo o dito, facíase necesario emitir unha mensaxe en positivo, que reafirme vontades e gañe outras novas.

Remato xa cunha cita, cuxo autor descoñezo, mais que me parece atinada para o que hoxe aquí nos ocupa. Chegoume o outro día nun destes correos en cadea que circulan pola rede. Tratábase, en concreto, dunha presentación powerpoint en que se analizaban os paradoxos do noso tempo e unha das afirmacións que achegaba era: “O ser humano foi quen de desintegrar o átomo, mais non así os seus prexuízos”.

Xesús M. Mosquera Carregal
A Coruña, 31 de maio de 2010